

¿POR QUE SON VERMELLAS AS ROCHAS DE FISTERRA?

Un día chegaron ó pé da montaña onde vivía San Guillermo uns franceses e regaláronlle un barril de viño tinto, O ermitán quixo subir o bocoi ás costas desde a beira do mar ata a súa casa, que estaba onde chaman Os Tornos, pero el sé non podía co peso. Entón, un home vestido coma os paisanos do lugar ofreceuse para axudarlle. San Guillermo diante, turrando para arriba do bocoi de viño canto podía e o suposto paisano, que non era outro có demo disfrazado, turrando para atrás. Así non había maneira de avanzar.

Ó chegar a un punto que ó demo ile pareceu axeitado para botar a rolos polo acantilado ó ermitán e ó bocoi, arrepuxounos e alá foron pedras abaixo ata chegar ó mar. O santo rompeu un brazo e unha perna pero non morreu; o bocoi si que rompeu e derramou o viño todo polas rochas. Por esto é polo que as rochas de Fisterra aínda hoxe son vermellas. Xa vedes que o demo cando as fai deixa as pegadas.

¿POR QUE OS CORVOS NON SON FACHENDOSOS?

Houbo unha vez un corvo moi presumido, tanto que lle roubou as plumas a un pavo real e arrincou as súas para poñer as do pavo no seu sitio. Quixo vivir entre os pavos reais, pois tíñase por tan fermoso coma eles, pero estes decatáronse do engano e non o quixeron. Logo quixo vivir entre os corvos e ser recoñecido como o máis fermoso de tódolos corvos, pero os corvos avergoñábanse da súa vaidade.

Tivo que vivir só e co tempo arrepentiuse de desfacerse das súas plumas pola engolemia de parecerse ó pavo real.

Nunca máis houbo un corvo fachendoso.

¿POR QUE A ANDORIÑA É UN PAXARO QUE TRAE SORTE?

Cando estaba Xesús na cruz, deitando sangue pola fronte e sufrindo as feridas que lle causaban as espiñas da coroa, houbo dous paxariños que llas quixeron ir quitar. Un deses paxariños foi a andoriña. O sangue de Xesús manchoulle o peito, que desde aquela ten encarnado. Mais Xesús bendiciuna. Desde entón, leva a sorte alí onde vai. Cando chega a un país, trae canda ela a primavera. Se aniña baixo un balcón, nesa casa entra a felicidade.

¿POR QUE O PAPORRUBIO TEN O PAPO RUBIO?

Porque o paporroibo, que tamén se chama pisco, foi o outro paxaro que axudou a Cristo, quitándolle as espiñas da coroa. O sangue de Cristo manchoulle o papo, que quedou tinguido para sempre. Desde entón é o seu paxaro preferido. Por eso dicía o poeta Eliseo Alonso:

De todos os paxariños,
o pisco,
amado de Xesús Cristo...
Estaba xa Deus na cruz
coroadado cos espiños.
Revoa que te revoa
moito revoou o pisco.
Ía tirando unha a unha
espiñas a Xesús Cristo.
¡Vermella sangue de Deus
tintou seu peito belido!

¿COMO NACEN AS MOSCAS?

As moscas son as palabras que pronuncia o demo. Cada letra convértese nunha mosca negra, negra, que vai voando e revoando ata os montes onde se xuntan as bruxas nos aquelarres. No Xistral, por exemplo, reúnen as bruxas de Mondoñedo, do Valadouro e mais de Muras e reparten as moscas e as pulgas do seguinte ano:

—¡Ala, estas para Zoñán, estas para Cesuras, pra cas Artiaga, estas para Os Muíños, estas, para Viloalle, etc.!

As moscas son obedientes e van. Pero non poden entrar nas casas. Para que entren, ábrelles a porta, ou a ventá, San Fernando, que é compasivo. Menos mal que as torna San Cipriano. Por eso se di:

Trae as moscas San Fernando e lévaas San Cipriano.

Claro que hai que ter en conta que San Fernando se celebra en maio e San Cipriano en setembro. E con todo, hai quen di que as moscas son os excrementos do demo, e non as súas palabras. Por eso a Belcebú lle chaman O Señor das Moscas.

Contra as moscas hai outro remedio. Dídélles esto, e a ver que pasa:

Vaite, mosca condenada,
que te mandaron as meigas,
nós temos a San Xosé
para que el nos libre delas.

¿POR QUE INZAN AS SILVEIRAS?

Porque cando a Sagrada Familia fuxía cara a Exipto, perseguida polos soldados de Herodes, atopouse de fronte cunha silveira

enorme que lles coutaba o paso. Os soldados xa chegaban e o Neno choraba. Compadecida, a silva abriu un carreiro entre as súas ramas e follas e Xesús, María e Xosé puideron pasar. Os soldados tamén o intentaron, pero a silveira pechouse e encerelloulles mans e pés, picounos nas pernas e nas caras e detívoos. O Neno bendiciu a silva:

—Inzar, inzarás, e aínda que te corten mil veces, sempre volverás.

Por eso agora as silvas prenden e inzan en terras e valados, sebes e camiños, e, por máis que as corten, sempre brotan de novo. Medran e medran, e na noite de San Xoán saltan unha carrilleira.

¿POR QUE GALICIA TEN RÍAS?

Porque cando Deus rematou de facer o mundo o último que fixo, e o que mellor lle saíu, foi Galicia. Estaba canso, e pousou o cu no mesmo cume do monte Santa Tegra, pero non asentou ben e para non caer e quedar en ridículo, apoiou a man. Co seu peso quedaron marcados os dedos e o mar entrou por aquelas marcas terra a dentro. Os cinco dedos formaron as cinco Rías Baixas: a de Vigo, a de Pontevedra, a de Arousa, a de Muros e Noia, e a de Corcubián e Cee. Ah, pero cando Deus ergueu a man lixada de lama, sacudiuna, e así, segundo os montóns que foron caer no mar fosen grandes ou pequenos naceron as illas Cíes, as Sisargas, Ons e Oncela, Sálvora, Arousa e as outras illas galegas.

XOSÉ MIRANDA & ANTONIO REIGOSA, *Cando os animais falaban. Cen historias daquel tempo*, Xerais, Vigo, 2002.